

Os socialistas de Vilalba instan ao Concello a retirada das 12 cámaras de videovixilancia das dependencias municipais

O PSOE presentará no Pleno unha moción para quitar estas ferramentas de control desmedido e indecente dos traballadores e cidadáns por parte do Goberno Local vilalbés que alega “motivos de seguridade”

Os socialistas pedirán no Pleno que o Alcalde devolva as características que corresponden a unha parcela de titularidade municipal na que se están a realizar obras de asfaltado cando están calificados como zona verde, curiosamente próxima a un negocio dun edil do PP

A campaña de aplicación de herbicidas que se está a realizar nas cunetas do municipio, o mantemento da depuración de augas residuais e o abandono das páxinas web municipais, son outros dos asuntos que preocupan aos socialistas e que levarán ao Pleno do xoves

VILALBA, 28 DE MAIO DE 2014.- Os socialistas de Vilalba anuncian que no Pleno, que a Corporación celebrará este venres, solicitarán ao Goberno Local a retirada das cámaras de vídeo vixilancia tanto da Casa Consistorial como das demais dependencias municipais.

No Pleno anterior o Grupo Municipal Socialista, alegando que os preceptos de bo facer e confianza lexítima, son claves para o bo funcionamento das institucións, pedira respostas ao respecto da instalación das 12 cámaras ao Grupo de Goberno. O único argumento do Alcalde é “motivos de seguridade”. Para os socialistas este argumento non é suficiente para tal instalación ao entender que, en todo caso, debe primar sempre as condicións de privacidade, tanto das persoas que visitan o Concello como dos traballadores.

Chama a atención que, a primeira cámara colocada na entrada do Concello, sexa a situada detrás da porta principal, xusto na parede que delimita as dependencias da Policía Municipal, e que no corredor que conduce á propia Alcaldía e ao despacho do Concelleiro Jesús Bermúdez, non exista ningún dispositivo instalado. Con esta medida, o PP vilalbés agocha un desmedido e indecente afán de control.

Aparcadoiros privados en terreos públicos

Así mesmo, o PSOE pedirá no Pleno que o Alcalde ordene devolver as características iniciais propias que corresponde a unha parcela de titularidade municipal na que se están a realizar obras de asfaltado cando están calificados como zona verde. Concretamente, os traballos aos que se refiren son os que se están a executar nun lugar próximo ao edificio multiusos, no que, “curiosamente”, tamén ten un negocio de hostalería un concelleiro do Partido Popular.

Para os socialistas, que o Concello autorice estas actuacións “non é froito da casualidade”, senón que teñen unha dobre funcionalidade: mellorar o firme para o seu uso como aparcadoiro pola construtora que está a levantar a estrutura do tanatorio e, pola outra, favorecer o estacionamento dos camións nas proximidades do establecemento do edil, co fin de que este aumente os seus beneficios.

Os socialistas solicitan ao Pleno do Concello que abra os expedientes oportunos ás empresas e aos particulares responsables que veñen desvirtuando esta zona verde de titularidade municipal e se proceda ao peche inmediato do peche do aparcamento de camións.

Ademais, solicitan a retirada das portas que están a comunicar dita parcela con outros predios particulares como é o caso da porta que comunica a zona verde pública coa parcela do tanatorio.

Aplicación de herbicidas

O PSOE vilalbés tamén se interesará pola campaña de aplicación de herbicidas nas cunetas de vías de comunicación de titularidade municipal. Neste senso solicitarán ao Concelleiro de Medio Ambiente información sobre o herbicida que se está a aplicar e, dado que se ten detectado que nalgúns vías estase utilizando un vehículo de conservación de autoestradas do Estado, os socialistas queren saber se existe algún convenio ao respecto, e de non ser así, cal é a explicación para a súa utilización. Ademais, pedirán que precisen se o Concello ten concedida a oportuna autorización para tal aplicación e se informaron debidamente aos posibles afectados das consecuencias nocivas que os herbicidas puideran producir.

Mantemento da depuración de augas residuais

Por outra banda, o Concelleiro de Medio Ambiente tamén deberá contestar cuestións relativas á depuración de augas residuais, indispensable para manter os criterios máis básicos de saúde pública. Os socialistas preguntarán sobre o número, localización e mantemento das infraestruturas municipais destinadas a tal fin, ademais da EDAR principal. O grupo municipal socialista quere coñecer quen é a empresa ou organismo responsable do seu mantemento e se existe algún protocolo de comprobación aplicable á xestión destas infraestruturas.

Páxinas web municipais

Outro dos asuntos que preocupa aos socialistas e que levarán ao Pleno, é o déficit alarmante de actualización e información das páxinas web do Concello de Vilalba. Por iso, o PSOE solicitará información sobre as entidades ou persoas encargadas do mantemento dos dominios vilalba.org e turismovilalba.com e o custo que supón o seu mantemento.

Rogos pola seguridade viaria

No apartado de rogos, o grupo socialista solicitará ao Goberno vilalbés que proceda a pintar un paso de peóns na saída da rúa Cidade de Viveiro e que se pinten os pasos rugosos na estrada do barrio de Trastoy en Santaballa, co fin de mellorar a seguridade viaria de todos os vilalbeses.

Comisión de Urbanismo

Tamén a seguridade da cidadanía preocupa aos socialistas no relativo a un guindastre que dende fai anos ameaza a integridade física dos veciños e veciñas de Vilalba na Avenida da Terra Chá. Co fin da protección dos viandantes e prevención dos perigos que supón o citado aparello de obra, os socialistas propuxeron na Comisión de Urbanismo celebrada o pasado luns, que dado que os titulares non responden ás peticións do Concello, sexa a propia entidade local a que execute a súa retirada e que despois proceda ao cobro dos gastos aos responsables.